

**SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CELEBRADA O DEZ DE FEBREIRO DE DOUS MIL QUINCE.**

No Concello de Láncara, sendo as doce horas , do día dez de febreiro de dous mil quince , reúnese no Salón de Sesiós a Xunta de Goberno Local, para tratar dos asuntos contidos na Orde do Día, coa asistencia dos Sres Concelleiros: D. José Manuel Neira Castro, D. Ricardo Núñez Valcárcel, e D.Carlos Fernández Díaz.

Preside a Sesión o Sr. Alcalde D. Eladio Capón López, e actúa como secretario o titular D. José López Castro.

Aberto o acto pola Presidencia dase conta dos seguintes asuntos:

**1º.-LECTURA E APROBACIÓN, SI PROCEDE, DO BORRADOR DA
ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DIA 23 DE XANEIRO DE 2015.**

2º.-DECRETO DA ALCALDÍA:

**Nº 16, SOBRE LICENZA DE OBRAS A D. VICTORINO LÓPEZ
LÓPEZ.**

**3º.-ESCRITO DE LIMPERGAL S.L., SOBRE CONTESTACIÓN AO
REQUERIMITEO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 24-11-14.**

**4º.-ESCRITO DE D. ÓSCAR LÓPEZ LÓPEZ, SOBRE BAIXA DE
ACTIVIDADES EN BENIGNO QUIROGA Nº 27.**

**5º.-COMUNICACIÓN DE AECALPIO, SOBRE NORMATIVA CE
PARA PORTAS MOTORIZADAS.**

**6º.- DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, LISTA DE USUARIOS
DE TELEASISTENCIA, DECEMBRO DE 2014 E XANEIRO DE 2015.**

**7º.-ESCRITO DE D. ANANIAS GARCÍA REYERO, SOBRE O MAL
ESTADO EN QUE SE ATOPA O CAMIÑO DE ARMEA A ROXEDOIRO.**

**8º.-SOLICITUDE DE D. ALEJANDRO LÓPEZ FERNÁNDEZ, DE
DESAFECTACIÓN DO CAMIÑO CON REFERENCIA
27026A008090860000ZP, SITO EN VILELA.**

9º.-TROCO DE TITULARIDADE:

SOLICITUDE DE Dª ANA MARIA LÓPEZ ALONSO, SOLICITANDO O TROCO DO CAFÉ BAR O XEITOSO.

10º.-RECURSO DE REPOSICIÓN DE D. HECTOR GONZÁLEZ LOUREIRO, CONTRA ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 10-12-14.

11º.-PRESUPOSTOS DE NACHO MONTAXES E INSTALACIÓNS ELECTRICAS:

-NÚMERO LU 05/15, TRASLADO DE FAROLA EN PLAZA DE SAN PEDRO DE LANCARA.

-NÚMERO LU 16/15, DESPLAZAMENTO DA FAROLA DA ESCALINATA DO PAVILLÓN DOS DEPORTES.

12º.- INFORME DOS TÉCNICOS MUNICIPAIS Dª MERCEDES MASEDA MARTÍNEZ E D. MARCOS VAZQUEZ MAREY, SOBRE RECOLLIDA DE AGUAS E VERQUIDOS DEFECAIS NO CAMIÑO QUE DA ACCESO AO LUGAR DE AS CORTES,

13º.-ESCRITO DE Dª PILAR GONZÁLEZ DÍAZ, BENEFICIARIA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR SISTEMA DE DEPENDENCIA, SOLICITANDO A BAIXA DE 40 HORAS MENSUAIS.

14º.-INFORME DA TRABALLADORA SOCIAL SOBRE REPARTO DE 40 HORAS DE DEPENDENCIA.

15º.-PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN AS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL E DE ESTRADAS PARA O ANO 2015, DAR CONTA DO DECRETO Nº 17.

16º.-CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR DA XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS PARA O DESENVOLVEMENTO E DIFUSIÓN DO PROGRAMA CARNÉ XOVE NO ÁMBITO DA ADMINISTRACIÓN LOCAL.

17º.-EFIGAL NORTE, INFORME REVISIÓN CADRO POLIDEPORTIVO.

18°.-SOLICITUDE DE EFIGAL NORTE S.L., PARA PARTICIPAR NA PRÓXIMA ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE MANTEMENTO ELÉCTRICO DO CONCELLO.

19°.-EL PROGRESO, PROPOSTA DE REPORTAXE GRÁFICO DAS ESCOLAS DEPORTIVAS.

20°.-PRESUPOSTOS PARA CONTROL ANALÍTICO DE AUGA DE CONSUMO:

SOLUGA.

BIOCONTROL Y CALIDAD ALIMENTARIA, S.L.

21°.-ESCRITO DE ALEGACIONES DE. D. CARLOS TALLÓN DÍAZ, EN RELACIÓN A DENUNCIA DE D. VICTORINO AMADO BANDE.

22°.-OFERTAS ECONÓMICAS PARA MERCAR UN ORDENADOR:

-OFIMÁTICA LUGO.

-ESTURINO GALICIA S.L.

-CANON S.A.

23°.-D. RAÚL GONZÁLEZ BAYÓN, RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

24°.- PADRONS DE AGUA,LIXO E SUMIDOIROS 4º TRIMESTRE 2014.

25°.-DAR CONTA DA AUTORIZACIÓN DO SR. ALCALDE D. ELADIO CAPÓN LÓPEZ, PARA TROCO DE HORARIO DE MAÑA POR HORARIO DE TARDE A Dª JULIA RIVAS FERNÁNDEZ , ORIENTADORA LABORAL.

26°.-MEMORIAS DE VALORACIÓN:

-BACHEO DE DIVERSAS PISTAS DENTRO DO CONCELLO DE LANCARA (VILLAMBRAN, SAN MARTIÑO DE OLEIROS, XUNQUEIRA, RÍO, GALEGOS).

-TRAIDA DE AUGA POTABLE ÓA COLEXIO DE SANTALLA DE LAGOS.

27°.-EFIGAL NORTE, PRESUPOSTO CUADRO DE QUINTELATRALISTE.

28°.-INFORME DE EFIGAL NORTE, SOBRE SUSTITUCIÓN DE 200 LUMINARIAS POR LED, EN VILAESTEVA.

29°.-REQUERIMENTO DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR, SOBRE AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL 2010, DEVOLUCIÓN IMPORTE NON XUSTIFICADO.

30°.-PAGO ANUNCIO INSERCIÓN NO B.O DA PROVINCIA, EDICTO APROVEITAMENTO DE AGUA PROCEDENTE DO RÍO NEIRA NO PAREXE DE VALDRIZ, PARA ABASTECIMENTO DE POBRA DE SAN XIAO, AS CORTES, A PENABOA, VIANCE E SUPENA.

31°.-ORDENES.-

SOLICITUDE DE AXUDAS E SUBVENCIÓNS PARA OS OBRADOIROS DE EMPREGO DENTRO DOS PROGRAMAS MIXTOS DE EMPREGO E FORMACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA SDE GALICIA (ORDE DO 30 DE DECEMBRO DE 2014).

ORDE DO 21 DE XANEIRO DE 2015 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS DAS AXUDAS E SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO A TRAVÉS DOS PROGRAMAS MIXTOS DE EMPREGO E FORMACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA DIRIXIDOS A MELLORAR A EMPREGABILIDADE, A CUALIFICACIÓN E A INSERCIÓN PROFESIONAL DAS PERSOAS MOZAS INCLUÍDAS NO FICHEIRO DO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL, NO ÁMBITO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, E SE PROCEDE Á SÚA CONVOCATORIA PARA O AÑO 2015.

1°.-LECTURA E APROBACIÓN, SI PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 23 DE XANEIRO DE 2015.

Visto o borrador da acta da sesión celebrada o día vinte e tres de xaneiro de dous mil quince, este foi aprobado por unanimidade de tódolos asistentes.

2°.-DECRETO DA ALCALDÍA:

Nº 16, SOBRE LICENZA DE OBRAS A D. VICTORINO LÓPEZ LÓPEZ.

Visto o Decreto da Alcaldía N° 16, que di:

“DECRETO DA ACALDÍA N° 16

DON ELADIO CAPON LOPEZ, ALCALDE DO CONCELLO DE LANCARA, PROVINCIA DE LUGO.

Vista a solicitude presentada por D. Victorino López López, con D.N.I. N° 76.613.509-A, con domicilio en Barbadelo Viley n° 1, en representación dos Irmáns Bande, para retirar parte da cornisa que cai sobre a beirarrúa de Benigno Quiroga, Pobra de San Xioa, con unha maquina elevadora, cun presuposto de 250,00 €

RESOLVO

1º.-Conceder a D. Victorino López López, licenza municipal para coloca unha máquina elevadora para retirar a cornida da casa sita en Benigno Quiroga N° 101 Pobra de San Xioa.

2º.-Practicar a seguinte liquidación:

Licencia de obra : (250,00€ . X 3,1 %) = 7,75 €

Taxa municipal sobre licenza urbanística de **25,00 €**, taxa mínima, debendo xustificar este pago no momento da entrega da certificación.

3º.-Dar consta deste decreto a Xunta de Goberno Local, na primeira sesión que esta celebre.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Considerar que a licenza estaba amparada en causas de forza maior e polo tanto tiña carácter de urxencia.

2º.-Ratificar o decreto en todo o seu contido.

3º.-ESCRITO DE LIMPERGAL S.L., SOBRE CONTESTACIÓN AO REQUERIMITEO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 24-11-14.

Visto o acordo tomado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 24-11-14.

Visto o escrito remitido por Sabela Seijas Castedo, responsable do control integral de pragas da empresa Limpergal SL, no que pon de manifesto: “Realización de unha toma de mostra e posterior informe de resultados na rede de Auga Quente Sanitaria para determinación de lexiófila Pneumophila (segundo o Real Decreto 865/2003)”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

Comunicarlle a empresa INSA que este Concello xa ten cuberto este servizo coa empresa Limpergal S.L., concesionaria da recollida de lixo e limpeza de dependencias municipais.

4º.-ESCRITO DE D. ÓSCAR LÓPEZ LÓPEZ, SOBRE BAIXA DE ACTIVIDADES EN BENIGNO QUIROGA N° 27.

Visto o escrito epigrafiado, sobre baixa de actividades en Benigno Quiroga n° 27.

Visto que está clausurado o surtidor de combustible así como a tenda.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

Dar de baixa a recollida do lixo correspondente a Benigno Quiroga nº 27 baixo, por non haber actividade, con efectos 1 de xaneiro de 2015.

5º.-COMUNICACIÓN DE AECALPIO, SOBRE NORMATIVA CE PARA PORTAS MOTORIZADAS.

Vista a comunicación feita pola Asociación de Empresas del Cerramiento de Galicia, sobre cumprimento da normativa da CE para portas motorizadas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Darse por enterada do contido de dito escrito.

2º.-Remitirle copia a Aparelladora, a efecto de que o teña en conta nos informes urbanísticos ou de actividade, cando estén recollidas portas motorizadas para a entrada de vehículos.

6º.- DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, LISTA DE USUARIOS DE TELEASISTENCIA, DECEMBRO DE 2014 E XANEIRO DE 2015.

Vista a lista de usuarios en activo (8) do programa Provincial de Teleasistencia Domiciliaria correspondente aos meses de decembro de 2014 e xaneiro de 2015, coas incidencias remitidas polos responsables dos Servizos Sociais.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Prestar aprobación a lista dos 8 usuarios.

2º.-Comunicarlle a Deputación Provincial que se trata de servizos improprios polo que a 31 de decembro do 2015, deben ser subvencionados ao 100%, xa que o Concello non os poderá seguir subvencionando.

3º.-Facultar o Sr. Alcalde para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

7º.-ESCRITO DE D. ANANÍAS GARCÍA REYERO, SOBRE O MAL ESTADO EN QUE SE ATOPA O CAMIÑO DE ARMEA A ROXEDOIRO.

Visto o escrito de Ananías García Reyero, que di:

“Ananías García Reyero, con documento de identidade Nº 09685695E, e con domicilio no lugar de Roxedoiro, A Lama; deste Concello de Láncara, comparece e

EXPON: Que no lugar antes mencionado de Roxedoiro, nos pasados meses realizouse unha obra, para cuxa construción circularon camións de grande tonelaxe, pola estrada que ven dende Armeá a Roxedoiro; isto deixou esta estrada nun estado deplorable, que dificulta moitísimo a circulación, ao longo de unha distancia de arredor de 1 kilómetro.

Este feito está provocando que moitos dos servizos, dos poucos que temos no medio rural, eviten pasar por esta vía, co perxuízo que esto supón. Un dos problemas

témolo co camión de recollida de leite, que amenza con abandonar este recorrido pola grande dificultade que lle supón.

A parte desto, como é sabido as persoas que alí vivimos, tamén temos que circular por esta vía, e o certo é que significa unha verdadeira carreira de obstáculos.

Por todo esto

SOLICITA: Que dende o concello se proceda á reparación deste tramo de vía, co fin de restablecer a normalidade na circulación, e ao mesmo o tempo o dereito que temos como viciños de ter unha comunicación axeitada co resto do mundo”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

Facultar o Sr. Alcalde para ver sobre terreo a realidade dos feitos denunciados, así como as posibles obras feitas no lugar, nos últimos tempos.

8º.-SOLICITUDE DE D. ALEJANDRO LÓPEZ FERNÁNDEZ, DE DESAFECTACIÓN DO CAMIÑO CON REFERENCIA 27026A008090860000ZP, SITO EN VILELA.

Visto o escrito presentado por Alejandro López Fernández, para desafectación do camiño de referencia 27026A008090860000ZP, sito entre as parcelas da miña propiedade 817,818 e 827, do polígono 8, en Vilela.

Visto que se tratase dun camiño público, incluso recoñecido polo solicitante.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

Notificar a tódolos veciños de Vilela de Abaixo, para que no prazo de 20 días hábiles poidan examinar o expediente e presentar as alegacións que estimen, de consideralo oportuno.

9º.-TROCO DE TITULARIDADE:

SOLICITUDE DE D^a ANA MARIA LÓPEZ ALONSO, SOLICITANDO O TROCO DO CAFÉ BAR O XEITOSO.

Vista a solicitude presentada por D^a Ana María López Alonso, con D.N.I. N°33.329.720Y, como representante e administradora da sociedade “OXeitoso13,S.L.” con CIF: B-27.465.004, para troco do establecemento sito en Benigno Quiroga N° 20 Café-Bar Xeitoso de Pobra de San Xiao.

Visto que no expediente figura o contrato de arrendamento.

Vista a declaración censal.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Conceder o troco de titularidade do establecemento Café-Bar Xeitoso, que figuraba a nome de Concepción Alonso Otero, a Sociedad O Xeitoso 13,S.L.

2º.-Practicar unha liquidación de 30,00 €, correspondente a taxa por troco da titularidade.

3º.-Que os recibos de auga lixo e sumidoiros pasen a nome de Sociedade O Xeitoso 13,S.L., con CIF: B27465004, debendo aportar unha conta bancaria, para a súa domiciliación.

4º.-Comunicarlle este troco de recibos ó encargado da auga D. Luís Varela Fernández e ó encargado de confeccionar os padróns D. Gerardo Sobrado Ventosinos, para que faga as modificacións oportunas, con efectos a data deste acordo.

5º.-Dar traslado deste acordo a propiedade anterior Dª Concepción Alonso Otero e a Dª Ana María López Alonso, representante e administradora de O Xeitoso 13 SL.

10º.-RECURSO DE REPOSICIÓN DE D. HECTOR GONZÁLEZ LOUREIRO, CONTRA ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 10-12-14.

Visto o recurso de reposición de D. Hector González Loureiro contra acordo da Xunta de Goberno Local de data 10-12-14, no que pide: “que se revise este acordo tendo en conta que a sanción mínima por infracción leve é de 30,00 €, sendo o Concello competente para resolver sobre sancións leves, non sobre as graves ou moi graves”

E visto que a cuantía mínima das sancións leves é de 30,00 €,., segundo se recolle na lexislación vixente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Aceptar o recurso presentado por Hector González Loureiro.

2º.-Establecer unha sanción de 30,00 € , cuantía mínima por falta leve.

3º.-Quedando o resto do acordo totalmente en vigor.

11º.-PRESUPOSTOS DE NACHO MONTAXES E INSTALACIÓNS ELECTRICAS:

-NÚMERO LU 05/15, TRASLADO DE FAROLA EN PLAZA DE SAN PEDRO DE LANCARA.

Visto o acordo tomado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 15-01-15, relativo o presuposto nº LU 05/15, sobre traslado da farola sita na praza de San Pedro de Lánara,

Visto o ingreso feito en ABANCA, por D. Benigno Fernández Vázquez, por importe de 70,25 € 50%.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

Aceptar o presuposto da empresa nacho montaxes e instalacións electricas, por importe de 140,49 € e comunicarlle que traslade a farola o antes posible.

-NÚMERO LU 16/15, DESPLAZAMIENTO DA FAROLA DA ESCALINATA DO PAVILLÓN DOS DEPORTES.

Visto o presuposto LU 16/15 para desprazamento de farola de escalinata de pavillón dos deportes, por importe de 132,98 €.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Prestar aprobación o presuposto LU 16/15, por importe de 132,98€ .

2º.-Comunicarlle a empresa Nacho Montaxes e Instalacións Electricas que desplace a farola o antes posible.

Neste intre incorporase o Concelleiro D. Carlos Fernández Díaz.

12º.- INFORME DOS TÉCNICOS MUNICIPAIS Dª MERCEDES MASEDA MARTÍNEZ E D. MARCOS VAZQUEZ MAREY, SOBRE RECOLLIDA DE AGUAS E VERQUIDOS DEFECAIS NO CAMIÑO QUE DA ACCESO AO LUGAR DE AS CORTES,

Visto o informe dos técnico: Dª Mercedes Maseda Martínez arquitecto técnico e D. Marcos Vázquez Marey enxeñeiro técnico agrícola, que di:

“1º.-Que na inspección ocular non se puido constatar a presenza de augas fecales na vía principal procedentes da parcela 935 do polígono 4.

2º.-Que as augas pluviais atópanse canalizadas ata o outro marxe da estrada municipal tanto a parcela 889 do polígono 4 como o camiño público lindante con esta parcela, discorrendo as augas por amolos dous a consecuencia da pendente do terreo. O devandito camiño serve de acceso as parcelas agrícolas, entre outras as parcela 886,872,905,915,916 do mesmo polígono 4, permite o paso e o tránsito da maquinaria agrícola. Este camiño presenta nesta data unha abundante escorrentía, que é motivada pola abundancia de precipitacións propias do mes de xaneiro e por unha deficiente capacidade de infiltración do terreo, logo da carencia dun firme drenante ou doutro sistema de evacuación e canalización de augas pluviais adecuado.

É polo que se conclúe, que na presente data o estado de conservación do camiño público aínda que é deficiente, o que é motivado pola erosión da escorrentía e a ausencia dun firme drenante ou de calquer outro sistema de evacuación das augas pluviais, permite o tránsito da maquinaria agrícola para o laboreo das parcelas agrícolas as que serve”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Remitir copia do informe técnico a tódolos veciños de As Cortes, ao obxecto de que teñan coñecemento do mesmo e poidan presentar as alegacións que estimen oportunas no prazo máximo de 15 días, contados dende o día seguinte o que reciban a notificación.

2º.-Comunicar igualmente a tódolos veciños de dito lugar ,que as augas que non sexan pluviais, cada veciño ten que recoller e tratar as súas, sin poder vertelas a vía pública de maneira directa ou indirecta.

13º.-ESCRITO DE Dª PILAR GONZÁLEZ DÍAZ, BENEFICIARIA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR SISTEMA DE DEPENDENCIA, SOLICITANDO A BAIXA DE 40 HORAS MENSUAIS.

Visto o escrito presentado por D. Carlos Vázquez, en representación de Dª Pilar González Díaz, beneficiaria do servizo de axuda no fogar polo sistema de dependencia, polo que solicita a baixa de 40 horas mensuais.

Visto que esta renuncia de horas ten efecto dende o 01-02-2015.

Visto que tanto o regulamento como a ordenanza no artigo 9º **deberes das persoas usuarias**, apartado h) di textualmente :”h) A comunicar, con dez días de antelación, en circunstancias ordinarias e previsibles calquera ausencia temporal que pudiera impedir ou dificultar a execución dos servizos que, se fose o caso, se presenten no seu domicilio”

Visto que si para unha suspensión temporal é necesario avisar con dez días hábiles de antelación, non parece lóxico que se deixe de prestar o servizo transcurridas cuarenta e oito horas, dende que se presentou o escrito, de renuncia de 40 horas, o ser imposible facer un reparto das mesmas.

Visto que o Sr. Alcalde, como xefe de persoal, tivo coñecemento desta solicitude cando se convoca a Xunta de Goberno Local, xa que sen prexuízo dos deberes e dereitos que ten a Traballadora Social, como coordinadora deste servizo, o xefe de persoal é quen ten o dereito e o deber de tomar as decisións oportunas, pero debe ter coñecemento delas.

Visto que si a traballadora que prestaba os servizos no domicilio de Dª Pilar González Díaz deixou de facelo o día 01-02-2015, as horas non traballadas non poder ser aboadas no mes de febreiro, ao tratarse dun servizo específico que uns meses traballanse máis días que outros, e esas variacións son permitidas na seguridade social, sin preaviso, polas características do servizo.

Visto que polo Secretario-Interventor se informa que durante o exercicio económico 2014 como consecuencia de estar preparando a liquidación do orzamento se pode comprobar que a Xunta deixou de ingresar, da prestación para servizos sociais de dependencia, uns 3.000,00 €, cantidade que corresponden a horas non prestadas no servizo, polo que se debe concluir que as traballadoras afectadas por estas circunstancias cobraron indebidamente dita cantidade, polo que procede solicitar a súa devolución, por cobros indebidos e a traballadora social, como coordinadora do servizo, debe ter en conta estas circunstancias para cando manda a relación de servizos prestados a Asesoría Fiscal, descontando estas horas, cando non se presten, cousa que non se fixo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Comunicarlle a traballadora social que quen primeiro ten que ter coñecemento destes feitos e o Sr. Alcalde, como xefe de persoal, sendo totalmente descoñecedor deste escrito, do que a Traballadora Social tiña coñecemento dende a data da súa presentación 29-01-2015.

2º.-Si o día 01-02-2015 se comenzo a prestar o servizo reducido, pasando de 70 a 30 horas, descontarlle as horas non prestadas a traballadora, quen deixou de prestar as horas reducidas.

3º.-Comunicarlle a traballadora social que o xefe de persoal e o Sr. Alcalde e é que ten que ter coñecemento dos feitos de forma inmediata.

4º.-Acceder ao solicitado por Dª Pilar González Díaz, que debería ter efectos, segundo o regulamento e a ordenanza dez días despois da presentación da solicitude, e non 48 horas como sucedeu neste caso.

5º.-Comunicarlle a traballadora social que para o caso de que os usuarios do servizo de dependencia non teñan no seu poder unha copia da ordenanza ou regulamento municipal de axuda no fogar, que debe ser remitido, quedando xustificante da súa entrega, e para altas novas cando estas se concedan.

6º.- Comunicarlle este acordo a traballadora social, Dª Mª Teresa López Pernas a Dª Pilar González Díaz e a traballadora Dª Lucia Gundián López.

14º.-INFORME DA TRABALLADORA SOCIAL SOBRE REPARTO DE 40 HORAS DE DEPENDENCIA.

Visto o informe da Traballadora Social do Concello, relativo a asignación de 40 horas dispoñibles do servizo de axuda no fogar polo sistema de dependencia, por renuncia as mesmas da beneficiaria Dª Pilar González Díaz, segundo o orde de puntuación os usuarios aos que lles corresponde son:

Blas Pombo López: 14 horas/mes, para completar as 70 horas/mes as que ten dereito.

Julia López Janeiro: 26 horas/mes restantes.

Visto que é necesario modificar as carteleiras das traballadoras Dª Carmen Sobrado Vila Carreira, Lucia Varela Pérez e Lucía Gundián López, sen afectarlles a xornada laboral.

Visto que non se sabe os usuarios os que afecta a restructuración do horario para comunicarlles o acordo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Prestar aprobación a restructuración de horarios, carteleiras de traballo das traballadoras, comezando a aplicarse o 16-02-2015.

2º.-Deben terse en conta as horas non traballadas pola persoa que prestaba o servizo a usuaria Dª Pilar González Díaz.

15º.-PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN AS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL E DE ESTRADAS PARA O ANO 2015, DAR O CONTA DO DECRETO N° 17.

Visto o Decreto da Alcaldía nº 17, que di:

PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN AS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL E DE ESTRADAS PARA O ANO 2015.

Visto o escrito da Excma Deputación Provincial de Lugo de data 27-01-2015, recibido neste Concello o día 30-01-2015, sobre aprobación do Plan de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal e de Estradas para o ano 2015.

Visto que é necesario e urxente afrontar o abastecemento de auga ao núcleo de Ronfe.

Visto que este servizo figura como deficit na Enquisa de Infraestruturas e Equipamento Local .

Visto o proxecto técnico de “abastecemento o núcleo de Ronfe (Láncara) , cun orzamento de 28.117,83 €.

Visto que igualmente son necesaris as obras de “Rexeneración do pavimento en Toldaos”, obra a incluír no plan complementario.

R E S O L V O:

1º.-Solicitar a inclusión no Plan Provincial de Obras e Servizos ano 2015, a obra: abastecemento o núcleo de Ronfe (Láncara).

Presuposto.....28.117,63 €

Financiación:

Deputación.....14.058,81 €

Concello.....14.058,82 €

2º.-Solicitar a inclusión no Plan Complementario 2015 a obra: “Rexeneración do pavimento en Toldaos”

Presuposto.....20.901,96 €.

Financiación:

Deputación.....10.450,98 €

Concello.....10.450,98 €

3º.-As obras serán contratados polo Concello.

4º.-Remitir antes do día 10-02-2015 a proposta de obras concretas a Excma. Deputación.

5º.-Dar consta deste decreto a Xunta de Goberno Local, na primeira sesión que esta celebre”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,
ACORDOU:

1º.-Ratificar o decreto en todo o seu contido.

2º.-Prestar aprobación o proxecto técnico, redactado por PK3 Ingenieros, polo prazo de 15 días, no B.O.P e no Tabloleiro de anuncios.

16º.-CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR DA XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS PARA O DESENVOLVEMENTO E DIFUSIÓN DO PROGRAMA CARNÉ XOVE NO ÁMBITO DA ADMINISTRACIÓN LOCAL.

Visto o convenio de colaboración suscrito entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Federación Gelega de Municipios e Provincias (FEGAMP), para o

desenvolvemento e difusión do programa carné xove no ámbito da Administración Local.

Visto que este programa o leva a cabo a encargada da Biblioteca e da oficina de Información Xuvenil, D^a. M^a Jesús López Loureiro

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

Solicitar informe a traballadora D. M^a Jesús Loureiro López sobre a conveniencia de adherirse ao Convenio e o custo do carnet xoven, así como o custo para o Concello.

17°.-EFIGAL NORTE, INFORME REVISIÓN CADRO POLIDEPORTIVO.

Visto o informe de revisión cuadro polideportivo da empresa Efigal Norte, relativa aos dous cadros dereita e esquerda.

Vistas as diferencias co informe da empresa Nacho Montaxes e Instalacións Eléctricas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

Dar traslado a empresa Nacho Montaxes e Instalacións Eléctricas do informe presentado por Efigal Norte, ao obxecto de que explique as diferenzas e que cuantifique o presuposto de forma separada.

18°.-SOLICITUDE DE EFIGAL NORTE S.L., PARA PARTICIPAR NA PRÓXIMA ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE MANTEMENTO ELÉCTRICO DO CONCELLO.

Visto o escrito da empresa Efigal Norte S.L., que di: “La empresa Efigal Norte S.L. se dirige a la junta de gobierno del Ayuntamiento de Láncara para solicitar, mediante este escrito, que se nos tuviese en cuenta en la próxima adjudicación del contrato de mantenimiento eléctrico de dicho Ayuntamiento”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

Darse por enterada e que se terá en conta para a renovación do próximo contrato, que debería licitar a comenzos da próxima lexislatura.

19°.-EL PROGRESO, PROPOSTA DE REPORTAXE GRÁFICO DAS ESCOLAS DEPORTIVAS.

Vista a proposta de reportaxe gráfico de “Escuelas Deportivas Municipales”, que di:

“Con el fin de difundir las actividades que se desarrollan en las Escuelas Deportivas Municipales, y con el ánimo de fomentar la práctica deportiva entre los jóvenes, El Prograso oferta la publicación de una doble página con amplio despliegue gráfico, a modo de póster, la entrega de ejemplares del periódico para distribuir entre los deportistas o en el colegio de la zona.

La oferta que le trasladamos para esta acción es de 800 €+IVA (que se facturarán como venta en bloque de ejemplares”.

Visto que no plan e axuste non está contemplado gastos por publicidade.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

Non aceptar a proposta de reportaxe gráfico de Escolas Deportivas, en base a que non o permite o plan de axuste aprobado.

20°.-PRESUPOSTOS PARA CONTROL ANALÍTICO DE AUGA DE CONSUMO:

SOLUGA.

BIOCONTROL Y CALIDAD ALIMENTARIA, S.L.

Vista a oferta de Biocontrol BCL, sobre control analítico de augas de consumo human, segundo Real Decreto 140/2003, cun custo anual de 4.114,00 € IVE incluído.

E vista a oferta de Iván Taboada Prego (SOLUGA), cun custo anual de 4.381,66 €

Visto que os contra análisis son máis caros os da empresa de Biocontrol.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

Pasar os presupostos presentados o encargado do abastecemento de auga D. José Luis Varela Fernández, para que os compare, informe ao respecto e cuantifique económicamente ambas ofertas.

21°.-ESCRITO DE ALEGACIONES DE. D. CARLOS TALLÓN DÍAZ, EN RELACIÓN A DENUNCIA DE D. VICTORINO AMADO BANDE.

Visto o escrito de alegacións presentado por D. Carlos Tallón Díaz, contra acordo da Xunta de Goberno Local de data 15-01-15, que di :

“No son ciertos los hechos que manifiesta el denunciante en cuanto a que jamás se han efectuado construcciones ni cierres que supongan apropiación de terreno alguno que no me pertenezca. Los cierres que se han efectuado siempre lo han sido bien siguiendo las indicaciones del Ayuntamiento o bien reconstuyendo el muro antiguo siempre por la parte interna que da a mi propiedad, lo cual es fácilmente acreditable puesto que a simple vista se puede ver por donde pasaba el muro antiguo ya que en algunas zonas aún se mantiene.

En cuanto a la entrada de la finca nº 8 que dice el denunciante que ha reducido, no es cierto puesto que en esa zona se sigue manteniendo el muro antiguo. A este respecto, tengo presentada solicitud de reconstrucción de dicha pared ante ese

Exmo. Ayuntamiento y estoy a la espera de que se me conceda con las indicaciones oportunas de su trazado que, como siempre, seguiré.

En cuanto a la parte dispositiva del acuerdo que he recibido, debo manifestar que en estos momentos no estoy realizando ningún tipo de obras, no existiendo ni maquinaria ni material de obra. Únicamente mantengo dentro de mi finca pedras de cantería para en un futuro solicitar permiso de obras para restaurar la casa antigua existente en dicha finca.

Vistas las alegaciones efectuadas y las comprobaciones oportunas,

SOLICITO que se archive la denuncia del Sr. Amado sin más trámite”

Visto que a Comisión , composta polo Sr. Alcalde D. Eladio Capón López; Concelleiros D. Carlos Fernández Díaz e D. José Manuel Neira Castro e os técnicos Mercedes Maseda Martínez, aparelladora, Marcos Vázquez Marey enxeñeiro agrícola e Secretario o titular do Concello, D. José López Castro, foron sobre terreo o día 22-01-2015, INFORMANDO :”Que se están a realizar unhas obras consistentes nun muro de pedra tradicional, tomada con formigón, e que non cumpre as distancias que se sinalan no documento que é de preceptiva aplicación (o PXOM), obras que están en execución e sen licenzia”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Que debe legalizar tódalas obras que ten sen legalizar, no prazo máximo de tres meses e en caso de non ser legalizables estas deben ser demolidas a consta do interesado. A orde de demolición deberá ser executada no prazo máximo de tres meses a contar dende a data en que se notifique este acordo, a non legalización das obras , así como a demolición das mesmas, para as non legalizables, procederase a súa execución subsidiaria ou a súa execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas reiterables periódicamente ata lograr a execución.

2º.-Tanto para a legalización como para a solicitude de reconstrucción debe ter en conta o Plan Xeral, aprobado e en vigor, que está a súa disposición nas oficinas municipais, tanto para o interesado, como para o técnico que lle faga o proxecto.

3º.-De non ser legalizables as obras devolverá o terreo o estado primitivo , en caso contrario farao o Concello a costa do interesado, iniciando simultaneamente o correspondente expediente sancionador.

22º.-OFERTAS ECONÓMICAS PARA MERCAR UN ORDENADOR:

-OFIMÁTICA LUGO.

-ESTURINO GALICIA S.L.

-CANON S.A.

Visto o presuposto 2762/15, de Ofimática Lugo, por importe de 641,30 €

Vistos os presupostos de Esturion:

Ordenador HP prodesk 400 G1, por importe de 859,00 €, IVE incluído.

Ordenador HP prodesk 400 G2, por importe de 859,00 €, IVE incluído

Ordenador i5, por importe de 715,00 €, IVE incluído

E visto o presuposto 6003682 de Canón, por importe de 725,69 € IVE incluído.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

Mercar o ordenador a empresa Ofimática Lugo, polo prezo de 641,30 €, por ser a mellor oferta.

Neste intre ausentase o Concelleiro D. José Manuel Neira Castro.

23º.-D. RAÚL GONZÁLEZ BAYÓN, RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Visto o recurso de reposición interposto por D. Raúl González Bayón, contra acordo da Xunta de Goberno de data 10-12-14, no que fai constar os seguintes feitos:

“Primeiro: No punto 1ª de dito acordo dícese :”deixar sin efectos a proposta presentada pola empresa Itegal Sercicios TICSLU, por non ter posibilidade de dar neste intre o servizo.

Segunda: Na proposta presentada por Itegal Servicios TIC SLU infórmase das características e melloras da rede existente, das solucións ofertadas e os seus costes, pero en ningún caso se expresa exista a imposibilidade actual ou futura da prestación dos servizos ofertados.

Terceiro: Itegal Servicios TIC SLU ten diversas localizacións propias con suministro eléctrico garantido que permiten ofrecer os seus servizos con total garantía e calidade en todo a superficie do Concello de Láncara.

Cuarto: D. Daniel Ayán López veciño do Concello de Láncara é colaborador exclusivo con relación contractual para la promoción, venta y despliegue de los servicios de Itegal Servicios TIC SLU.

SUPLICO A V.D. que, tendo por presentado este escrito, o admita a trámite e dea por interposto recurso de reposición contra dito acordo, e solicitando que se teña en conta que Itegal Servicios TIC SLU, ten a posibilidade de ofrece todos os servizos ofertados na proposta e en todo o territorio do concello”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

Desestimar o recurso presentado por D. Raúl González Bayón, administrador de Itegal Servicios TIC SLU, xa que o Concello non ten coñecemento de que teña infraestructuras suficientes para dar estes servizos e non constar os mesmos no expediente.

24º.- PADRÓNS DE AGUA,LIXO E SUMIDOIROS 4º TRIMESTRE 2014.

Visto o padrón de auga, lixo e sumidoiros, correspondente ó 4º trimestre do 2014.

Visto o canon, cuota variable da Confederación Hidrografica.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Prestar aprobación á remesa dos padróns antes mencionados (4º trimestre 2014), co seguinte resumo:

AUGA PUEBLA , LÁNCARA E TOLDAOS:

Importe	12.711,00 €
I.V.E	1.271,74 €
TOTAL	13.982,74 €

AUGA VILLAESTEVA E OLEIROS

Importe	892,77 €
I.V.E	89,17 €
TOTAL	981,94 €

LIXO:

Importe	22.301,34 €
I.V.E	2.230,22 €
TOTAL	24.531,56 €

SUMIDOIROS:

Importe	3.703,24 €
I.V.E.....	0
TOTAL.....	3.703,24 €

Canon fixo.....	2.131,08 €
Canon cuota variable.....	2.150,84 €

Aluger contadores.....	15,00 €
IVE.....	3,15 €
TOTAL.....	18,15 €

2º.-Fixar para o cobro en período voluntario, dende esta data ata ó 30 de marzo de 2015.

3º.-Expoñelos ó público por espazo de 15 días no B.O.P. e no Taboleiro de Anuncios.

4º.-Unha vez que pase o período voluntario, remitir os recibos ó Servizo Provincial de Recadación para que cobren éstos por vía executiva e liquidar o canón, dentro de prazo.

5º.-Facultar ó Sr. Alcalde para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

25º.-DAR CONTA DA AUTORIZACIÓN DO SR. ALCALDE D. ELADIO CAPÓN LÓPEZ, PARA TROCO DE HORARIO DE MAÑA POR HORARIO DE TARDE A Dª JULIA RIVAS FERNÁNDEZ , ORIENTADORA LABORAL.

Vista a autorización do Sr. alcalde, que di”

“D. Eladio Capón López, alcalde do Concello de Láncara, coa representación legal atribuída polo artigo 124.4ª da Lei de Bases de Réximen Local.

Autorizo á orientadora laboral Julia Rivas Fernández a cambiar temporalmente o horario de mañá por horario de tarde (de 15:00 a 21:00) por motivos persoais a partir do día 9 de febreiro de 2015”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Concederlle a Dª Julia Rivas Fernández o troco de horario de mañá para a tarde, como máximo ata o 31-03-2015.

2º.-Comunicarlle este asunto a Consellería de Traballo e Benestar, Servizo de Orientación.

26º.-MEMORIAS DE VALORACIÓN:

-BACHEO DE DIVERSAS PISTAS DENTRO DO CONCELLO DE LANCARA (VILLAMBRAN, SAN MARTIÑO DE OLEIROS, XUNQUEIRA, RÍO, GALEGOS).

Vista a memoria de valoración de pistas dentro do Concello de Láncara (Villambrán, San Martiño de Oleiros, Xunqueira, Río, Galegos), redactado pola enxeñeiro técnico Marta López Cepeda, por importe de 17.396,22 €

Visto que estes traballos non poder ser aplazados.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Prestar aprobación as memorias de valoración, por importe de 17.396,22 .

2º.-Adxudicarlle as obras a empresa Jespa, Jesús y Páramo S.L., debendo pasar polo Concello para facer unha negociación.

3º.-Financiar as obras con cargo ao orzamento do 2015.

-TRAIDA DE AUGA POTABLE ÓA COLEXIO DE SANTALLA DE LAGOS.

Vista a memoria valorada para traida de auga potable no colexio de Santalla de Lagos, redactado pola enxeñeiro técnico Marta López Cepeda, por importe de 1.404,24 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Prestar aprobación a memoria valorada, por importe de 1.404,24 €.

2º.- Adxudicarlle as obras a empresa Gaorety Loureiro, polo prezo de 1.404,24 €

27º.-EFIGAL NORTE, PRESUPOSTO CUADRO DE QUINTELA-TRALISTE.

Visto o presuposto presentado por Efigal Norte, para cuadro de Quintela, por importe de 686,68 € IVE incluído

Visto o acordo tomado pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 18-12-14.

E visto o presuposto da empresa Nacho Montaxes e Instalacións Eléctricas, por importe de 578,36 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

Adxudicar a modificación do cadro de Quintela a empresa Nacho Montaxes e Instalacións Eléctricas, polo prezo de 578,36 €, debendo aportar autorización e certificado de Unión Fesnosa, antes ou simultaneamente coa factura.

28°.-INFORME DE EFIGAL NORTE, SOBRE SUSTITUCIÓN DE 200 LUMINARIAS POR LED, EN VILAESTEVA.

Visto o informe de Efigal Norte, sobre luminarias exterior LED., na que fan constar a proposta da fábrica, que di: “Si el Ayuntamiento acepta la instalación de 200 luminarias (las 46 aceptadas más 154) a lo largo de 6 meses a contar desde hoy, fábrica ofrece un descuento de 3,50 € por luminaria, lo que supondría un ahorro de 161 €+ iva en la actuación de Vilaesteva y 700 € + iva en el total de puntos de luz.

La garantía sería la misma que ya está acordada, 5 años para el material, 2 años para la mano de obra, protes pagados por el fabricante y 2 luminarias de repuesto por cada 50 unidades, es decir que se entretarían 8 en total”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

Non facer máis trocos no alumeadado público, mentres non se celebren as próximas eleccións municipais, para que a nova Corporación poida planificar con tempo este servizo.

29°.-REQUERIMENTO DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR, SOBRE AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL 2010, DEVOLUCIÓN IMPORTE NON XUSTIFICADO.

Visto o requerimento feito pola Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar, expe. N°:TR351B 2010/14-2, sobre Axentes de Emprego e Desenvolvemento Local 2010. Devolución importe non xustificado.

Visto que o importe a reintegrar é de 922,14 €.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

Reintegrar a cantidade de 922,14 €, correspondente a diferenza entre a subvención concedida (23.570,59 €) e o xustificado (22.648,45 €), correspondente o Axente de Emprego e Desenvolvemento Local 2010, na conta :ES82 2080 0300 8731 1006 3172, facendo constar o expediente n° :TR351B 2010/14-2

30°.-PAGO ANUNCIO INSERCIÓN NO B.O DA PROVINCIA, EDICTO APROVEITAMENTO DE AGUA PROCEDENTE DO RÍO NEIRA NO PAREXE DE VALDRIZ, PARA ABASTECIMENTO DE POBRA DE SAN XIAO, AS CORTES, A PENABOA, VIANCE E SUPENA.

Visto o pago da inserción de anuncio no B.O. da provincia, relativo ao edicto“aprovechamiento de 2,72 l/s de agua procedente del río Neira, en el paraje de Valdriz, parroquia de A Pobra de San Xiao, T.M. de Láncara (Lugo) con destino a abastecimiento a los núcleos de A Pobra de San Xiao, As Cortes, A Penaboa, Viance E Supena”, por importe de 16,90 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

Facer efectio o pago de 16,90 €, e remitir o xustificante a Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, para a publicación de dito edicto.

31°.-ORDENES.-

SOLICITUDE DE AXUDAS E SUBVENCIÓNS PARA OS OBRADOIROS DE EMPREGO DENTRO DOS PROGRAMAS MIXTOS DE EMPREGO E FORMACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA (ORDE DO 30 DE DECEMBRO DE 2014).

Vista a solicitude de axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emrpego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia (orde do 30 de decembro de 2014)

Visto o proxecto básico de tratamento de exteriores Campo da Feira, redactado por D. Miguel Pose Fuentes.

Polo Sr. Secretario-Interventor informa que esta aportación vai en contra do plan de axuste, aprobado polo Pleno do Concello.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

1°.-Aprobar o proxecto do “programa mixto de formación e emprego Neira de Jusá III” con que se van a executar as actuacións seguintes, que comenzarán a partir de abril de 2015.

-Láncara :”Acondicionamento de exteriores no Campo da Feira en Pobra de San Xaio-Láncara”, proxecto redactado por D. Miguel Pose Fuentes, arquitecto colegiado 2.339.

-Baralla: Construcción do vaso da piscina de adultos da piscina municipal dentro da obra de “instalación deportiva de piscina municipal en el area fluvial de Baralla (3ª fase)” proxecto redactado por D. Manuel Eduardo López Vázquez, arquitecto colegiado 1.508.

-A Nogais: “Acondicionamento de accesos o núcleo de Santo Andre “ proxecto redactado por D. Miguel Pose Fuentes, arquitecto colegiado 2.339.

-Triacastela: “Mellora no entorno do Camiño de Santiago entre Triacastela e As Pasantes” proxecto redactado por D. Miguel Pose Fuentes, arquitecto colegiado 2.339.

2°.-Autorizar o Concello de Baralla para solicitar ante a Consellería de Traballo e Benetar a subvención para o Obradoiro de Emprego o averio da Orde do 30 de decembro de 2014, pola que se convocan “Axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2015”

3º.-Aprobar as actuacións seguintes, correspondentes ó Concello de Láncara : Acondicionamento de exteriores no Campo da Fiera en Pobra de San Xaio-Láncara”, proxecto redactado por D. Miguel Pose Fuentes, arquitecto colegiado 2.339.

4º.-Declarar a plena dispoñibilidade das actuacións nos inmobles e áreas que afectan.

5º.-Aprobar a dotación para os gastos de financiamento e xestión do Obradoiro, por un importe de 20.000,00 €.

6º.-Aprobar o compromiso de dotar dos medios económicos para os gastos de materiais e ferramentas necesarios para o desenvolvemento das obras deste concello.

ORDE DO 21 DE XANEIRO DE 2015 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS DAS AXUDAS E SUBVENCIONS PARA O FOMENTO DO EMPREGO A TRAVÉS DOS PROGRAMAS MIXTOS DE EMPREGO E FORMACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA DIRIXIDOS A MELLORAR A EMPREGABILIDADE, A CUALIFICACIÓN E A INSERCIÓN PROFESIONAL DAS PERSOAS MOZAS INCLUÍDAS NO FICHEIRO DO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL, NO ÁMBITO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, E SE PROCEDE Á SÚA CONVOCATORIA PARA O ANO 2015.

Vista a orde do 21 de xaneiro de 2015, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia dirixidos a mellorar a empregabilidade, a cualificación e a inserción profesional das persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2015”.

Visto o contido da orde refereciada e visto o proxecto da ESCOLA OBRADOIRO “Neira de Jusá III” PARA MENORES DE 25 ANOS a realizar conjuntamente cós concellos de Láncara, Baralla, As Nogais e Triacastela, sendo o promotor da iniciativa o Concello de Baralla.

Polo Sr. Secretario-Interventor informa que esta aportación vai en contra do plan de axuste, aprobado polo Pleno do Concello, polo que o gasto debe ser moi reducido ou simbólico.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

1.-Aprobar o proxecto da ESCOLA OBRADOIRO “Neira de Jusá III” con que se van a executar as actuacións seguintes, que comencarán a partir de maio de 2015.

-Láncara :”Acondicionamento de exteriores no Campo da Feira en Pobra de San Xaio-Láncara”, proxecto redactado por D. Miguel Pose Fuentes, arquitecto colegiado 2.339.

-Baralla: Construción do vaso da piscina de adultos da piscina municipal dentro da obra de “instalación deportiva de piscina municipal en el area fluvial de Baralla (3ª fase)” proxecto redactado por D. Manuel Eduardo López Vázquez, arquitecto colegiado 1.508.

-A Nogais: “Acondicionamento de accesos o núcleo de Santo André “ proxecto redactado por D. Miguel Pose Fuentes, arquitecto colegiado 2.339.

-Triacastela: “Mellora no entorno do Camiño de Santiago entre Triacastela e As Pasantes” proxecto redactado por D. Miguel Pose Fuentes, arquitecto colegiado 2.339.

2º.-Autorizar o Concello de Baralla para solicitar ante a Consellería de Traballo e Benestar a subvención para A ESCOLA OBRADOIRO PARA MENORES DE 25 ANOS o averio da Orde da orde do 21 de xaneiro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia dirixidos a mellorar a empregabilidade, a cualificación a a inserción profesional das persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015”, e solicitar unha subvención pa o devandito programa de emprego-formación.

3º.-Aprobar as actuacións seguintes, correspondentes ó Concello de Láncara, segundo consta nos seus correspondentes documentos técnicos, que se acompañan a solicitude:

-Láncara :”Acondicionamento de exteriores no Campo da Fiera en Pobra de San Xaio-Láncara”, proxecto redactado por D. Miguel Pose Fuentes, arquitecto colegiado 2.339.

4º.-Declarar a plena disponibilidad das actuacións nos inmobles e áreas que afectan.

5º.-Aprobar a dotación para os gastos de financiamento e xestión da Escola Obradoiro, por un importe de 15.000,00 €.

6º.-Aprobar o compromiso de dotar dos medios económicos para os gastos de materiais e ferramentas necesarios para o desenrolo das obras deste concello.

FORA DA ORDE DO DÍA E PREVIA DECLARACIÓN DE URXENCIA, ADOPTARONSE OS SEGUINTE ACORDOS:

VACACIÓNS PERSOAL.-ESCRITO DE D. ANTONIO SOBRADO CARBALLO

Visto o escrito de D. Antonio Sobrado Carballo, solicitando vacacións dende o día 13 ao 20 de febreiro de 2015 (8 días)

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

Concederlle a D. Antonio Sobrado Carballo vacacións dende o 13 ao 20 de febreiro, 8 días dos 30 os que ten dereito.

ALEGACIÓN DE D. LUIS LÓPEZ SANCHEZ , EN REPRESENTACIÓN DA EMPRESA LULOSA DE SARRIA.

Visto o escrito de alegacións presentado por D. Luis López Sánchez, en representación da empresa Lulosa de Sarria, que di: “La empresa Lulosa de Sarria, que habitualmente hacia la recogida del vidrio en dicho Ayuntamiento, siempre acudió a recogerlo cuando se lo ponía en conocimiento, queiro decir en defensa de mi empresa y como prueba adjunto los porcentajes de los contadores recogidos durante el año 2014 u

2015. Que también podría presentar años anteriores para que los señores concejales tengan a bien comprobar los mismos, que los únicos contenedores que casi siempre estarían llenos o sea al 100% son los situados en Puebla de San Julián (al lado BBVA), y como ustedes pueden comprobar todos los otros que habitualmente se recogen solamente algunos estarían al 75% después los otros casi siempre al 25% e incluso al 0%.

También quiero decir que en el mes de septiembre la empresa por causas ajenas no pudo recoger el vidrio pero sin embargo el mismo fue recogido, y aclarar que en el mes de ENERO 2015, se nos comunico para recogerlo, se hizo lo antes posible puesto que el vehículo del que se dispone estaba con una avería, adjunto tiket de pesada en bascula y hora de recogida con el por centaje.

P.D.

Aunque realmente llamaron para que pasáramos a recoger, me pregunto ¿para que?, si realmente lo tenían adjudicado a otra empresa, y en cima es de fuera de la comarca”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

Non aceptar as alegacións presentadas en base a que cumpriron mal co servizo e por eso se lle deu a outra empresa, o servizo prestase mal quizas por causas axenas a súa vontade, pero non pode ser responsabilidade do Concello.

RELACION DE PREMIOS ENTROIDO 2015.-

Vista a relación de premios para o entroido 2015, presentada polo Concelleiro de Cultura D. Andres Caballero López:

Individuais infantís

1º.-Premio : 50 €.

2º.-Premio :30 €

3º.-Premio: 20 €

Parellas infantís

1º.-Premio : 70 €.

2º.-Premio : 60 €.

3º.-Premio: 50 €.

Individuais adultos:

1º.-Premio : 70€.

2º.-Premio : 60 €.

3º.-Premio: 50 €.

Parellas adultos:

1º.-Premio : 100€.

2º.-Premio : 80 €.

3º.-Premio: 60 €.

Comparsas:

- 1º.-Premio : 200€.
- 2º.-Premio : 150 €.
- 3º.-Premio: 100 €.

Carrozas:

- 1º.-Premio : 300€.
- 2º.-Premio : 170 €
- 3º.-Premio: 120 €

TOTAL : 1.740,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,
ACORDOU:

- 1º- Prestar aprobación a proposta de premios para o entroido 2015.
- 2º.-Entregar talón nominativo a D. Andres Caballero López , concelleiro de cultura, debendo xustificar esta cantidade polo procedemento “de pagos a xustificar “, no prazo de tres meses e sempre dentro do ano natural.
- 3º.-Que se faga unha acta dos premios entregados, asinada polo xurado.
- 4º.-Facultar ao Concelleiro de Cultura D. Andres Caballero López, para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

ORDE DO 31 DE DECEMBRO DE 2014 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DAS SUBVENCIÓNS AOS CONCELLOS GELEGOS PARA A MELLORA DOS MERCADOS MUNICIPAIS E PRAZAS DE ABASTOS ASI COMO DOS ESPAZOS DE COMERCIO NON SEDENTARIO, COFINANCIADOS POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER), NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2007-2013, E SE PROCEDE Á SÚA CONVOCATORIA PARA O ANO 2015 (CÓDIGO DE PROCEDIMENTO IN223A).

Vista a orde epigrafiada.

Visto que esta orde vai dirixida os Concellos Galegos para a mellora dos mercados municipais, e prazas de abastos, así como de espazos de comercio.

Visto que neste Concello celebranse mercados municipais os días 2 e 17 de cada mes no Campo da Feira de Pobra de San Xaio, onde se celebra o mercado gandeiro do un de maio en exaltación, promoción e degustación da “tenrreira galega” (rubia galega) correspondendolle este ano celebrar a XVII edición que de forma ininterrompida xa se celebraron as XVI anteriores, cunha grande afluencia de público e cada ano máis, cunha asistencia de máis de 200 vacas “rubia galega”, cabalos, etc.

O Campo da Feira que é de propiedade municipal, cunha superficie aproximada de 35.000 m², e necesita afrontar as seguintes actuacións: Acondicionamento do recinto , pendellos e ampliación de edificación, obras necesarias para que os asistentes os eventos teñan uns servizos adecuados e acordes as necesidades actuais.

Visto o proxecto de “acondicionamento de recinto feiral e pendellos, ampliación de edificación no Campo da Feira de Pobra de San Xiao”, cun orzamento de 42.857,33 €.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Prestar aprobación ó proxecto de “acondicionamento de recinto feiral e pendellos, ampliación de edificación no Campo da Feira de Pobra de San Xiao”.

2º.-Solicitar a Consellería de Economía e Industria, ao amparo da orde do 31 de decembro de 2014, unha subvención de 30.000,00 €, correspondente ao (70%) do orzamento, aportando o Concello o resto:12.857,33 €.

3º.-Remitir a Consellería de Economía e Industria toda a documentación solicitada na orde, antes do 23 de febreiro de 2015.

4º.-Facultar ó Sr. Alcalde para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

E non habendo máis asuntos que tratar dáse por rematada a sesión por orde do Sr. Alcalde, sendo ascatorce horas vinte minutos, estendéndose a presente acta que como Secretario, certifico.